

RESOLUCIÓN REITORAL DO 12 DE MAIO DE 2022, POLA QUE SE PROCEDE Á CONVOCATORIA DE CONTRATOS POSDOUTORAIS DO CAMPUS DE ESPECIALIZACIÓN CAMPUS TERRA

A Universidade Santiago de Compostela creou unha carreira investigadora propia a través do *Acordo sobre a clasificación profesional e as condicións retributivas do persoal investigador e do persoal de apoio a investigación* (DOG núm. 180 do 17 de setembro de 2021), co obxectivo de dar estabilidade a este colectivo e potenciar a continuidade das investigacións que desenvolven. A través de programas de recursos humanos estatais, autonómicos e internacionais, a USC contrata persoal investigador para a consolidación da súa traxectoria científica, o cal a coloca entre as 10 primeiras universidades no ámbito estatal e como universidade líder dentro do SUG no período 2008-2018.

Así mesmo, a Universidade puxo en marcha dúas convocatorias propias de persoal investigador co obxecto de consolidar a carreira investigadora configurada no Acordo mencionado. Na primeira delas contratáronse 5 investigadores e investigadoras distinguidos/as, na modalidade Manuela Barreiro, e a segunda, en trámite de resolución, incorporará a 22 investigadores e investigadores predoutorais en formación.

Neste senso, a Universidade de Santiago de Compostela, dentro do marco do Convenio de Colaboración para o Campus de Especialización Campus Terra, financiado pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade, convoca 4 contratos posdoutorais cunha duración de 3 anos, engadindo un complemento de apoio ao inicio da investigación de 30.000 euros. A temática da investigación debe estar relacionada con calquera dos eixos científicos vinculados ó Campus de Especialización Campus Terra e recollidos no ANEXO V desta convocatoria.

Con isto, preténdese incrementar a incorporación de persoal investigador ao Campus Terra fomentando, na súa etapa inicial, a adquisición e perfeccionamento das habilidades propias do persoal investigador doutor para mellorar a súa formación e capacitación.

Artigo 1. Obxecto da convocatoria

1. Establécense as bases polas que se rexerá a selección de persoal para a contratación na categoría de Persoal investigador posdoutoral, da Universidade de Santiago de Compostela, a través do Campus de Especialización Campus Terra de apoio á etapa de formación posdoutoral baixo os principios de igualdade, mérito, capacidade, publicidade, obxectividade e concorrencia competitiva, e se procede á súa convocatoria.

2. O obxecto desta convocatoria de contratos posdoutorais é financiar a contratación de persoas tituladas superiores que obtiveron recentemente o título de doutor ou doutora para a súa formación nos seus centros, unidades ou departamentos, permitindo a mellora das súas capacidades.

Artigo 2. Contratacións

1. Poderán ser contratadas aquelas persoas co grao de doutor que cumpran na data límite de presentación de solicitudes as condicións que se indican a seguir:

- a) Que a data de finalización dos estudos conducentes á obtención do título de licenciatura, grao ou equivalente que lle deu acceso ao doutoramento sexa igual ou posterior ao 1 de xaneiro de

2011.

- b) Estar en posesión do grao de doutor e que este fose obtido en data igual ou posterior ao 1 de xaneiro de 2017. Entenderase como data de obtención do título de doutor a data de lectura e aprobación da tese de doutoramento.

No caso das persoas candidatas que estean en posesión de máis dun doutoramento, os requisitos expresados referiranse ao primeiro dos doutoramentos obtidos.

2. A data de obtención do título de doutor poderá ser anterior ao 1 de xaneiro de 2017, pero igual ou posterior ao 1 de xaneiro de 2015, no caso das persoas tituladas que acrediten fidedignamente algún dos seguintes supostos:

- a) Que se atopasen de baixa maternal ou que tivesen a cargo menores de tres anos entre o 1 de xaneiro de 2015 e o 31 de decembro de 2016.
- b) Que teñan recoñecida unha discapacidade igual ou superior ao 33 por cento.
- c) Que interromperan a súa formación por causa dunha enfermidade grave ou que se dedicaran á atención de persoas maiores da familia en primeira liña parental.

No caso das persoas candidatas que estean en posesión de máis dun doutoramento, os requisitos expresados referiranse ao primeiro dos doutoramentos obtidos.

3. Esta convocatoria será incompatible no caso de que as persoas aspirantes foran seleccionadas para algún dos seguintes programas:

- Programas posdoutorais da Xunta de Galicia.
- Axudas nunha convocatoria estatal das actuacións Juan de la Cierva-formación ou Juan de la Cierva-incorporación, axudas Margarita Salas ou axudas María Zambrano.
- Axudas e/ou contratos posdoutorais que recollan estadías en centros de investigación no estranxeiro de dous ou máis anos de duración.
- Axudas ou contratos posdoutorais no estranxeiro que prevexan unha duración igual ou superior a dous anos.

Artigo 3. Número, duración, retribucións e axudas complementarias

1. Convocanse 4 contratos dun máximo de tres anos, cada contrato deberá ser por eixo científico de especialización do Campus Terra diferente. Os contratos comezarán a partir do día 1 do mes seguinte ao da publicación da resolución reitoral definitiva de concesión, sen que en ningún caso poidan superar a duración máxima de tres anos e non poderán ser obxecto de prórroga.

2. As retribucións brutas serán de 24.248,26 euros brutos anuais. Así mesmo, as persoas contratadas recibirán un complemento de apoio ao inicio da investigación de 30.000 euros para cada un deles no ano 2023.

Artigo 4. Forma e lugar de presentación de solicitudes

1. O prazo de presentación das solicitudes será desde o día seguinte ao da publicación no taboleiro da USC ata o 31 de maio de 2022 as 23:59 horas (hora peninsular española).
2. As solicitudes de participación serán presentadas polas persoas que cumpran os requisitos establecidos no artigo 2, de conformidade co procedemento que se describe neste artigo.
3. A presentación de solicitudes realizarase achegando a documentación requirida a través da Sede Electrónica da USC, a través do seguinte enlace:

https://sede.usc.es/formularios/solicitudes/CITT_SolicitudesPosdoutorais_Terra2022.htm?execution=e1s1

Aquelas solicitudes que non realicen a presentación conforme ao disposto no apartado anterior teranse por desistidas, previa resolución que deba ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Artigo 5. Documentación complementaria

1. Con cada solicitude deberá achegarse a seguinte documentación:
 - a) Declaración responsable da persoa candidata segundo o Anexo II, en que se fagan constar os seguintes aspectos:
 - Que se presenta como candidata no proceso de selección, facendo constar a rama de coñecemento e o eixo científico do Campus Terra ao que se adscribe, así como a declaración opcional do compromiso de utilizar a lingua galega na memoria final da actividade.
 - Que se faga constar en que universidade e con que data obtivo a persoa candidata o grao de doutor, así como a titulación que lle deu acceso ao dito grao e a data de finalización destes estudos.
 - Que non foi seleccionada nos programas posdoutorais da Xunta de Galicia, nunha convocatoria estatal das actuacións Juan de la Cierva-Formación ou Juan de la Cierva- Incorporación.
 - Que non desfrutou con anterioridade de ningunha axuda e/ou contrato posdoutoral.
 - b) Documento asinado pola persoa responsable ou coordinadora do grupo de investigación ou equivalente aceptando a persoa candidata a ser contratada no seo do equipo de traballo (anexo III).
 - c) Documento asinado pola persoa directora do departamento, unidade de traballo ou equivalente, manifestando a súa conformidade para a integración no seu departamento, unidade de traballo ou equivalente da persoa candidata a ser contratada (anexo IV).

No caso de que o título de doutora ou doutor fose obtido no estranxeiro deberá estar homologado ou ser equivalente segundo o establecido na disposición adicional quinta do Real decreto 967/2014, do 21 de novembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para a homologación e

declaración de equivalencia a titulación e a nivel académico universitario oficial e para a validación de estudos estranxeiros de educación superior, e o procedemento para determinar a correspondencia aos niveis do Marco español de cualificacións para a educación superior dos títulos oficiais de arquitecto, enxeñeiro, licenciado, arquitecto técnico, enxeñeiro técnico e diplomado. Para os efectos sinalados neste punto terase en conta a data de defensa da tese, non a data da homologación ou equivalencia.

Nestes casos, debe achegarse copia da homologación ou equivalencia.

d) Currículo (CV) da persoa candidata nun modelo normalizado, preferentemente no modelo da páxina web <https://cvn.fecyt.es/>

Para os efectos do proceso de avaliación, só se terá en conta a información contida no CV na data de peche do prazo de presentación de solicitudes. Non será posible a actualización posterior da información contida nel. No caso de que se solicite aclaración ou emenda, a información que se achegue deberá referirse, como máximo, á data de peche do prazo de presentación de solicitudes.

e) Un arquivo pdf precedido dun índice en que, en relación co CV citado no punto anterior, se acheguen os documentos dos méritos que se desexen alegar, así como as ligazóns ás publicacións ou documentos científico-técnicos, contribucións a congresos ou calquera outra cuestión que se considere oportuna. Para os efectos do proceso de avaliación, soamente se valorará aquela información indicada no CV que teña correspondencia cos documentos ou enlaces achegados neste arquivo.

f) Plan de traballo das actividades que se propoñen realizar. O plan de traballo terá unha extensión de entre 3.000 e 4.000 palabras e estará asinado pola persoa candidata e pola persoa responsable ou coordinadora do grupo de investigación.

g) Documentación que acredite os supostos de excepcionalidade previstos no artigo 2.1.b) desta orde sobre a data de obtención do título de doutora ou doutor, se é o caso, incluído o certificado de discapacidade da persoa candidata.

h) Documentación que acredite os permisos de maternidade, paternidade, garda con fins de adopción ou acollemento, risco durante o embarazo e/ou lactación e incapacidade temporal asociada ao embarazo ou por razóns de violencia de xénero ou calquera tipo de acoso no período comprendido entre os 5 anos anteriores á data de lectura da tese e a data de peche de presentación de solicitudes, se é o caso, para a aplicación do factor de corrección que se indica no artigo 7.3.

2. De forma excepcional, se non se poden obter os citados documentos, poderáselle solicitar novamente á persoa interesada a súa achega.

3. A documentación complementaria deberá presentarse electrónicamente achegando a documentación requirida a través da Sede Electrónica da USC.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o esixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Universidade de Santiago de Compostela poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

4. No caso de que algún dos documentos que se van presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Universidade de Santiago de Compostela, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada nos parágrafos anteriores. O tamaño máximo de cada un dos arquivos que se poden anexar non poderán ser superior a 10 MB, no caso de querer anexar documentos de maior tamaño deberá consultarse no seguinte enderezo electrónico, recursoshumanos.programas@usc.es

Artigo 6. Instrución do procedemento

1. A instrución do procedemento de selección correspóndelle á Vicerreitoría de Política Científica da USC. Para este fin comprobaran que todas as solicitudes reúnen os requisitos establecidos nesta orde e exporán as listas de solicitudes admitidas e excluídas sinalando, se é o caso, as causas da exclusión, no taboleiro electrónico da USC (<https://sede.usc.es/sede/publica/taboleiro/inicio.htm>)

2. Estas listas estarán expostas por un período de 2 días hábiles e durante este prazo as persoas solicitantes poderán formular reclamacións para emendar erros ou falta de documentos ante a sede electrónica da USC. Transcorrido este prazo sen que se emenden as causas da exclusión, considerarase que a persoa solicitante desiste da súa petición nos termos establecidos no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

3. Sen prexuízo do disposto no punto anterior, poderá requirirse á persoa solicitante para que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución dos procedementos.

4. Unha vez transcorrido o prazo para as emendas ou alegacións, a Reitoría da Universidade de Santiago de Compostela ditará unha resolución pola que se aproban as listas definitivas das solicitudes admitidas e excluídas, que se publicarán no Taboleiro Electrónico da USC e na web da Vicerreitoría de Política Científica.

5. Non axustarse aos termos desta convocatoria, o incumprimento dos requisitos nela establecidos, a ocultación de datos, a súa alteración ou calquera manipulación da información solicitada, será causa de inadmisión da solicitude presentada, con independencia de que se poidan acordar outro tipo de actuacións.

6. A presentación da solicitude implica o coñecemento e a aceptación destas bases reguladoras.

Artigo 7. Avaliación

1. A avaliación realizarase segundo as valoracións feitas por unha Comisión Avaliadora nomeada polo reitor e formada por dous PDI da USC e tres membros externos á USC que formen parte do persoal docente ou investigador de recoñecido prestixio nos ámbitos estratéxicos do Campus Terra con vinculación laboral fixa ou funcionarial na institución á que pertencen. Na conformación da comisión, tanto de titulares como de suplentes, tenderase á paridade entre mulleres e homes.

2. A comisión avaliadora outorgará a puntuación correspondente a cada persoa candidata segundo o baremo indicado no Anexo I, tanto para o CV (que suporá o 60% da nota final) como para o Plan de Traballo investigador a desenvolver durante o período de duración do contrato (que suporá o 40% da nota final).

3. Co fin de dar cumprimento á Lei 13/2021, do 20 de xullo, pola que se modifica o Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade e para garantir a igualdade real entre mulleres e homes, e en aplicación do artigo 2.c) (20 bis) desa disposición, no caso das persoas candidatas que acrediten que desfrutaron de permisos de maternidade, paternidade, garda con fins de adopción ou acollemento, risco durante o embarazo e/ou lactación e incapacidade temporal asociada ao embarazo ou por razóns de violencia de xénero ou calquera tipo de acoso no período comprendido entre os cinco anos anteriores á data de lectura da tese fixada no artigo 2.1.b) e a data de peche de presentación de solicitudes, a puntuación obtida na avaliación incrementarase co resultado de aplicar o seguinte factor de corrección ás puntuacións obtidas nas epígrafes 1, 2 e 3 do anexo I que son as que recollen os méritos de investigación das persoas candidatas, tomando como ano de inicio de cómputo para os efectos desta orde cinco anos antes da data de defensa da tese de doutoramento:

(b/a)*suma das puntuacións obtidas nas epígrafes 1, 2 e 3 do Anexo I.

Onde:

- a) Período de actividade investigadora: medirase tendo en conta o período comprendido entre os cinco anos anteriores á data de lectura da tese de doutoramento fixada no artigo 2.1.b) e o momento de peche da convocatoria, expresado en meses e redondeando á alza as fraccións do último mes incompleto.
- b) Período de inactividade investigadora: será a suma dos períodos dos permisos e/ou da incapacidade temporal que se acrediten polos motivos descritos neste artigo. O número de meses de inactividade será o resultado de dividir o número de días destes períodos entre 30, redondeando á alza a última fracción de mes incompleto.

A avaliación do CV das persoas candidatas ordenaranse por orde decrecente de puntuación final.

4. Para a avaliación do Plan de traballo que se vai desenvolver durante a totalidade do programa, terase en conta:

- A súa calidade
- Coherencia e viabilidade do plan de traballo en relación coa súa temática e cos obxectivos que se pretenden acadar
- A súa vinculación con algún dos eixos estratéxicos de Campus Terra.

A selección das persoas contratadas realizarase a partir da suma das valoracións feitas pola Comisión Avaliadora.

5. No informe da Comisión Avaliadora figurarán a prelación das persoas candidatas, especificándose a avaliación que lles corresponde segundo os criterios establecidos no anexo I.

Complementariamente, a Comisión Avaliadora incluírá no informe unha lista de agarda, nas cales figurarán, por orde decrecente de puntuación, as solicitudes que non acaden a puntuación suficiente para seren propostas para a contratación pero que teñan unha puntuación igual ou superior á mínima establecida pola Comisión Avaliadora.

6. No caso de igualdade de puntuación, aplicaranse os seguintes criterios de desempate:

1. Prevalecerán as mulleres sobre os homes.
2. A solicitude da persoa candidata que obteña maior puntuación na valoración do plan de traballo.
3. A solicitude da persoa candidata que se comprometese a utilizar a lingua galega na memoria final da actividade.
4. A solicitude da persoa candidata que obtivese con anterioridade o título de doutora ou doutor polo que foi avaliada.

7. A proposta de concesión elaborada polo órgano instructor a partir do informe da Comisión Avaliadora así como, de ser o caso, a lista de agarda para posibles substitucións, publicarase no Taboleiro Electrónico da USC e na web da Vicerreitoría de Política Científica.

Artigo 8. Resolución de finalización do procedemento

1. A competencia para resolver esta convocatoria corresponde ao Reitor da USC. Os órganos instructores elevarán a proposta de resolución que incluírá a relación de persoas seleccionadas, a lista de agarda, de ser o caso, e a desestimación expresa do resto das solicitudes.

2. A resolución publicarase no Taboleiro Electrónico da USC pola cal se entenderá notificada para todos os efectos ás persoas solicitantes, de conformidade co artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

3. A resolución publicarase no prazo máximo de 1 mes desde o inicio do prazo de presentación de solicitudes. A non resolución en prazo faculta as persoas interesadas para entenderen desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

Artigo 9. Dereitos e obrigas

1. Son obrigas xerais da USC, sen prexuízo das derivadas da relación laboral que se estableza:

- a) Cumprir as condicións e obrigas establecidas nesta convocatoria.
- b) Formalizar un contrato de traballo de duración determinada con dedicación a tempo completo coa persoa candidata seleccionada.

- c) Proporcionarlles o apoio necesario e facilitarlles a utilización dos medios, instrumentos ou equipamentos que resultan precisos, para o normal desenvolvemento da súa actividade.
- d) Garantirlles os dereitos e prestacións dos cales desfruta o persoal da entidade de similar categoría.
2. As persoas contratadas mediante estas axudas teñen as seguintes obrigas e dereitos:
- a) Cumprir as condicións e obrigas establecidas nesta convocatoria.
- b) Aterse ao réxime interno ou de funcionamento da USC, especialmente no relativo ás condicións de traballo e normas de prevención de riscos laborais.
- c) Presentar unha memoria anual da actividade científica realizada e os resultados acadados en publicacións, proxectos solicitados ou concedidos, etc.
3. O persoal investigador contratado ao abeiro deste programa poderá prestar colaboracións complementarias en tarefas docentes, nos centros de destino na súa universidade, por un máximo de 80 horas anuais, por pedimento propio e co acordo do Departamento correspondente, respectando en todo caso a normativa vixente de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.
- Esta colaboración realizarase en docencia de grao ou de máster e non poderá supor a substitución da docencia do profesorado responsable da materia, e deberá facerse en coordinación e en paralelo co responsable docente. En ningún caso a persoa contratada con cargo a estas axudas poderá ser responsable ou coordinadora da materia.
4. A USC e as persoas contratadas teñen como obriga específica de publicidade adoptar as medidas de difusión contidas no punto 3 do artigo 15 da Lei 9/2007. En concreto, a USC, así como as persoas contratadas, deberán facer constar o cofinanciamento das actuacións con fondos da Xunta de Galicia. Para isto, nas accións de difusión, así como nos resultados da produción científica e calquera outra acción que se realice ao abeiro destas axudas, deberá figurar expresamente o cofinanciamento das actuacións con fondos do Convenio de Colaboración entre a Xunta de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela polo que se regula o Campus de Especialización "Campus Terra", que irá acompañado, sempre que sexa posible, do escudo normalizado da Xunta de Galicia.

Artigo 10. Renuncia aos contratos, novas incorporacións e interrupcións

1. No caso de renuncia ou outra causa de extinción da relación laboral, poderase adxudicar un novo contrato de acordo coa prelación sinalada na lista de agarda, sempre e cando a renuncia se produza dentro do prazo de tres meses a partir da data de publicación da resolución de concesión. Para cubrir as renuncias seguirase a prelación das listas de agarda definidas no artigo 8. A persoa substituta quedará suxeita ás mesmas condicións durante o tempo de contratación.
2. A competencia para propoñer un novo contrato correspóndelle á Vicerreitoría de Política

Científica.

3. A USC poderá solicitar a interrupción e a prórroga do contrato correspondente ao tempo da suspensión dos contratos financiados cando estas suspensións se produzan polas seguintes causas:

- a) Nacemento.
- b) Adopción.
- c) Garda con fins de adopción ou acollemento.
- d) Risco durante o embarazo.
- e) Risco durante a lactación natural de menores de nove meses.
- f) Incapacidade temporal durante o embarazo por causas vinculadas con el.
- g) Incapacidade temporal por causas distintas ás do punto anterior por un período mínimo dun mes.
- h) As situacións previstas no artigo 45.1.n) do texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores, como medida de protección das mulleres vítimas de violencia de xénero.

Cando se produza a suspensión do contrato pola concorrencia dalgunha destas situacións, a USC poderá solicitar a interrupción e a prórroga do contrato correspondente ao tempo de suspensión, no prazo de quince días hábiles desde que esa baixa se produza.

A interrupción e a prórroga ás cales se fai referencia no parágrafo anterior deberán ser autorizadas pola Vicerreitoría de Política Científica, que poderá solicitar os informes que considere oportunos.

Disposición derradeira primeira. Recurso

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer un recurso potestativo de reposición no prazo de un mes perante o órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo antedito mentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor

Esta resolución reitoral entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Taboleiro Electrónico da USC (<https://sede.usc.es/sede/publica/taboleiro/inicio.htm>).

ANEXO I
Criterios de avaliación




| Criterios | Puntuación máxima |
|--|-------------------|
| 1 Publicacións de carácter científico: máximo 40 puntos. | |
| 1.1. Libros (con ISBN). A avaliación dos libros farase tendo en conta a calidade da editorial segundo o seu prestixio nacional ou internacional e o grao de exixencia e rigor científico nos procesos de selección dos traballos publicados. | 40 |
| 1.2. Capítulos de libro (con ISBN). A avaliación de capítulos de libros farase tendo en conta a calidade da editorial segundo o seu prestixio nacional ou internacional e o grao de exixencia e rigor científico nos procesos de selección dos traballos publicados. | 10 |
| 1.3. Publicacións en revistas científicas: | 40 |
| – Tipo A (revistas que aparecen no Science Citation Index, no Social Sciences Citation Index (SSCI), no Arts & Humanities Citation Index (AHCI) ou index equivalente no ámbito científico correspondente. | 40 |
| – Tipo B (revistas de prestixio non catalogadas como tipo A, que empregan un proceso de revisión de artigos, a través de censores externos). | 10 |
| – Tipo C (revistas de investigación non incluídas nas epígrafes anteriores). | 1 |
| 2. Participación en proxectos, contratos de investigación e patentes: máximo 20 puntos. | |
| 2.1. Participación en proxectos de investigación autonómicos, nacionais e europeos e internacionais. A avaliación desta epígrafe prestará especial atención ás melloras do CV das persoas candidatas como consecuencia da súa participación nos diferentes proxectos. | 20 |
| – Proxectos europeos ou internacionais. | 20 |
| – Proxectos nacionais. | 10 |
| – Proxectos autonómicos. | 5 |
| 2.2. Participación en contratos de investigación. A avaliación desta epígrafe prestará especial atención ás melloras do CV das persoas candidatas como consecuencia da súa participación nos diferentes contratos. | 10 |
| – Contratos con empresas. | 10 |
| – Contratos coa Administración. | 5 |
| – Informes técnicos e outros. | 2,5 |
| 2.3. Patentes rexistradas ou en explotación. | 10 |
| – En explotación. | 10 |
| – Rexistradas. | 2 |
| 3. Outros méritos académico-científicos das persoas candidatas a ser destinatarias das axudas: máximo 10 puntos. | |
| 3.1. Estadías en universidades ou centros de investigación distintos daquela universidade ou institución en que se expediu o seu título de doutor/a. Os comités de persoas expertas só deberán ter en consideración a relevancia científica do centro e da actividade ou actividades investigadoras, relacionadas coa rama de coñecemento e a área temática, levadas a cabo durante os períodos de estadía. | 5 |
| – Estadías posdoutorais. | 4 |
| – Estadías predoutorais. | 2 |
| 3.2. Relatorios e comunicacións en congresos ou reunións científicas. | 5 |
| – Relatorios en congresos internacionais. | 5 |

| | |
|--|------------|
| – Relatorios en congresos nacionais. | 3 |
| – Comunicacións en congresos internacionais. | 2 |
| – Comunicacións en congresos nacionais: máximo 1 punto. | 1 |
| 3.3. Outros méritos académico-científicos das persoas candidatas a ser destinatarias das axudas. Valoraranse aqueloutros méritos académico-científicos (dirección de teses, docencia, premios...), relacionados coa rama de coñecemento e a área temática, que non se atopen recollidos nas epígrafes anteriores. | 5 |
| 4. Plan de traballo proposto: máximo 30 puntos. | |
| Plan de traballo que se vai desenvolver durante a totalidade do programa. Valorarase a calidade, coherencia e viabilidade do plan de traballo en relación coa súa temática e cos obxectivos que se pretenden alcanzar. Xustificación da vinculado a algún dos eixos estratéxicos de Campus Terra. | 30 |
| Puntuación total máxima | 100 |

ANEXO II

| | | | |
|--|--|-----------------------|--|
|     | | | |
| ANEXO II - DECLARACIÓN RESPONSABLE DA PERSOA CANDIDATA PARA SER DESTINATARIA DA AXUDA POSDOCTORAL USC | | | |
| DATOS DA PERSOA CANDIDATA | | | |
| Apelidos, nome: | | | |
| DNI: | | | |
| Tfn. Móbil: | | Enderezo electrónico: | |
|  | | | |
| DECLARO QUE: | | | |
| Que me adscribo a seguinte área de coñecemento: | | | |
| Que me vinculo ao eixo científico do campus Terra: | | | |
| Ao abeiro do artigo 5.1 a) da convocatoria propia de contratos posdoctorais Campus Terra da USC, <ul style="list-style-type: none"> - Que todos os datos contidos no meu currículo que se achega coa solicitude son certos. - Que non foi seleccionada nos programas posdoctorais da Xunta de Galicia, nunha convocatoria estatal das actuacións Juan de la Cierva-Formación ou Juan de la Cierva- Incorporación, ou outras de carácter similar - Que non desfrutou con anterioridade de ningunha axuda e/ou contrato posdoctoral. | | | |
| <p><i>Autorización:</i> De acordo coa lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía de dereitos dixitais e co Regulamento da UE 2016/679, os datos serán procesados pola Universidade de Santiago de Compostela (USC) con o propósito de xestionar os procesos de acceso á universidade, matrícula, continuación de estudos, transferencias, xestión de expedientes académicos, titulacións e cursos de posgrado, terceiro ciclo e formación continua, tramitación de reclamacións, recursos, queixas e suestións, control económico de prezos, enquisas, prácticas, así como calquera outra actividade que se inclúa na xestión académica. O responsable do dito tratamento é a Secretaría Xeral da USC, cuxos datos de contacto son Praza do Obradoiro, s / n, 15782- Santiago de Compostela, correo: sec.xeral@usc.es, teléfono 881811009. O delegado de protección de Os datos son José Julio Fernández Rodríguez, dpd@usc.es A base da xustificación deste tratamento é a prestación do servizo de educación superior (Lei orgánica de universidades e Lei autonómica 6/2013, do sistema universitario de Galicia). Os datos poden transferirse ás administracións públicas con competencias na materia e nos casos de obrigas legais. As persoas interesadas poden exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, eliminación, limitación de tratamento, oposición e portabilidade a través da Oficina Electrónica en https://sede.usc.es/sede/publica/catalogo/procedemento/55/ver.htm</p> <p>Tamén poden poñerse en contacto coa Axencia Española de Protección de Datos para facer a reclamación que consideren oportuna. Os datos conservaranse durante o período no que se realizou o propósito para o que foi recollido, ou o tempo necesario para cumprir as obrigas legais. Unha vez cumprido o propósito, os datos que non forman parte da prestación do servizo público quedarán bloqueados ata que transcorran os prazos de prescrición aplicables. A política de privacidade e protección de datos da USC pode atoparse en http://www.usc.es/gl/normativa/protecciondatos/Politica-privacidade.html</p> | | | |
| <p><i>Autorización:</i> Autorizo o tratamento dos datos proporcionados de acordo coa lexislación vixente</p> | | | |
| <i>Sinatura da persoa candidata.</i> | | | |
| Santiago de Compostela. | | | |

ANEXO III

CONSELLERÍA DE
CULTURA, EDUCACIÓN
E UNIVERSIDADE

ACEPTACIÓN DO GRUPO DE INVESTIGACIÓN DA USC PARA AS AXUDAS
POSDOCTORAIS CAMPUS TERRA 2022

| DATOS DA PERSOA CANDIDATA SOLICITANTE | | | |
|---------------------------------------|---------------|-----------------|---------------|
| Nome: | Escriba aquí | Apelidos: | Escriba aquí. |
| DNI: | Escriba aquí | Tfno. Contacto: | Escriba aquí. |
| Correo electrónico: | Escriba aquí. | | |

| DATOS DA PERSOA RESPONSABLE DO GRUPO RECEPTOR | |
|---|-----------------|
| Nome do Grupo: | Escribir texto |
| Nome da persoa coordinadora do grupo | Escribir texto. |
| Código del Grupo: | Escribir texto. |

DECLARACIÓN DO GRUPO DE INVESTIGACIÓN

Como responsable do grupo de investigación da USC fago constar que a persoa candidata solicitante indicada neste documento, ao abeiro da convocatoria de contratos posdoutorais do Campus Terra 2022, se integre no seo do grupo do que son coordinador, no caso de resultar seleccionada.

escribir texto de ser o caso.

Santiago de Compostela, Data do documento.

A persoa coordinadora do grupo: D/D^a Escriba o nome e apelidos, e asine o documento.

ANEXO IV

| ACEPTACIÓN DO DEPARTAMENTO DE INVESTIGACIÓN DA USC PARA AS AXUDAS POSDOUTORAIS CAMPUS TERRA 2022 | | | |
|---|--|-----------------|---------------|
| DATOS DA PERSOA CANDIDATA SOLICITANTE | | | |
| Nome: | Escriba aquí | Apellidos: | Escriba aquí. |
| DNI: | Escriba aquí | Tfno. Contacto: | Escriba aquí. |
| Correo electrónico: | Escriba aquí. | | |
| DATOS DA PERSOA DIRECTORA DO DEPARTAMENTO, UNIDADE TRABALLO OU EQUIVALENTE | | | |
| Nome do Departamento, unidade ou equivalente: | Escribir texto | | |
| Nome da persoa directora do Departamento | Escribir texto. | | |
| DECLARACIÓN DO DIRECTOR DO DEPARTAMENTO, UNIDADE OU EQUIVALENTE | | | |
| <p>Como responsable do Departamento da USC indicado, fago constar que a persoa candidata solicitante que aparece neste documento, ao abeiro da convocatoria de contratos posdoutorais do Campus Terra 2022, se integre no seo do Departamento, unidade de traballo ou equivalente, no caso de resultar seleccionada.</p> <p>escribir texto de ser o caso.</p> | | | |
| Santiago de Compostela, Data do documento. | | | |
| Sinatura da Persoa directora do Departamento | Escriba o nome e apellidos, e asine o documento. | | |

ANEXO V

EIXOS CIENTÍFICOS VINCULADOS AO CAMPUS DE ESPECIALIZACIÓN CAMPUS TERRA

| Eixos científicos vinculados ao Campus Terra |
|---|
| Producción Vexetal e Agricultura Sostible |
| Producción e Saúde Animal Sostible |
| Alimentación Segura e Saudable |
| Xestión Forestal Sostible |
| Tecnoloxías facilitadoras, ómicas e TICs |
| Cambio climático |
| Biodiversidade e Infraestruturas verdes |

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO LOPEZ DIAZ, REITOR, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,
12/05/2022 14:15:24.

CSV: 23FF-FC54-4974-A246